

IX RUTA BTT TERRAS DO EUME 2025

Art. 1 Organización

1. Baixo a denominación de “IX Ruta BTT Terras Do Eume ” e ca debida autorización da Federación Galega de Ciclismo, o Clube Ciclista Terras do Eume organiza dita proba ciclodeportiva.
2. A saída da proba cicloturista darase ás 9:00 do día 7 de Setembro de 2025 dende diante do Concello.
3. A “IX Ruta BTT Terras Do Eume” tera tres opcións de percorrido:
 - Ruta curta 25 km e 650 m+ Nivel físico baixo-Técnico medio.
 - Ruta intermedia 44 km e 1080 m+ Nivel físico medio/alto-Técnico medio/alto.
 - Ruta longa 48 km e 1200m+ Nivel físico alto-Técnico medio/alto.

Art. 2 Participantes

1. Poderán participar nesta proba todas aquelas persoas, maiores de 15 anos, que haxan completado satisfactoriamente o proceso de inscrición.
2. O número máximo de participantes límitase a 400. A organización reservase o dereito de modificar o número máximo de participantes.
3. As inscricións realizaranse a partir do día 4 de Agosto de 2025, pechando as inscricións o día 4 de Setembro ás 24 h. Así mesmo, o período de inscrición pecharase unha vez acadado o número máximo de participantes.
4. O prezo das inscricións estará dispoñible na páxina web da [federación galega de ciclismo](#), tendo en conta que os ciclistas non federados deberán aboar 10 € máis para a contratación da licenza dun día facilitada pola Federación Galega de Ciclismo.
 - Precio federados 20 €
 - Precio non federados 32 € (20€+12€ licenza de un día)
5. As inscricións de menores de 18 anos, deberán ir acompañadas da autorización por escrito do pai, nai ou titores legais do participante.
6. As inscricións e pago realizaranse únicamente na páxina web da FGC
7. Unha vez realizada a inscrición, se o participante decide anulala, non se lle aboará importe algún.

8. Todos os participantes, coa aceptación do regulamento a hora de inscribirse, aceptan estar de acordo co exposto na DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE E ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADE (Anexo 1) que ratifique que se atopan aptos/as para a práctica do ciclismo e en condicións suficientes para tomar parte na citada proba.

9. Non é aconsellable que participen personas pouco habitúadas. Dende a organización recomendase encarecidamente a tódolos participantes a realización dunha revisión médica que asegure a idoneidade ou non da súa participación.

10. Todos os participantes que se inscriban, aceptan e sometense formalmente ao presente regulamento da proba e as indicacións da Organización.

Art. 3 Retirada de dorsais

Todos os participantes que formalizaran a súa inscrición, poderán retirar o dorsal o sábado 6 Setembro de 17:00 a 20:00 h e a partir das 08:00 h o mesmo día da proba no Polideportivo municipal de As Pontes, ata 1/2 hora antes da saída (08:30AM).

Os participantes federados deberán presentar para retirar o dorsal, o DNI e a licenza federativa.

Art. 4 O Percorrido

1. A saída da proba darase ás 9:00 h dende o Concello de As Pontes.

2. Todos os participantes deberán levar a placa co dorsal de forma visible no frontal da bicicleta.

3. O percorrido atoparase convenientemente sinalizado, indicando especialmente os puntos que poidan significar un perigo engadido para os participantes.

4. Establecerase 4 avituallamientos, 2 líquidos e 2 sólido + líquido (sólido e líquido no km 24 e 43, dous líquidos nos kms 10 e 35 respectivamente.)

5. A Organización reservase o dereito a modificar o percorrido si por causas de forza maior, ou o bon desenrolo da proba así o aconsellan.

Art. 5 Premios

1. Todos os participantes recibirán un agasallo conmemorativo.

Art. 6 Normativa complementaria

Todos os participantes sometense expresamente ao cumprimento das normas detalladas no presente regulamento.

Así mesmo sometense ao cumprimento das seguintes normas:

1. Os participantes deberán usar obrigatoriamente o casco correctamente colocado durante toda a proba.
2. Os participantes deberán permanecer en todo momento dentro do recorrido marcado pola organización, respectando o código de circulación vixente.
3. Os participantes atenderán en todo momento ás indicacións dadas pola Organización e polo persoal voluntario da proba.
4. Os participantes deberán de ir provistos das ferramentas e repostos que consideren oportunos, xa que no caso de avería, a organización non estará obrigada a reparala. No caso de non poder solucionarla polos seus medios, avisará e será recollido polo vehículo de apoio no punto que se lle indique. Para tal efecto, a organización aconsella aos ciclistas ir provistos dun teléfono móvil.
5. Os únicos vehículos autorizados para seguir a proba serán os designados pola organización, quedando prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos ciclistas en calquera outro vehículo.
6. En ningún momento poderase sobrepassar ao vehículo que abre a proba.
7. A organización reservase o dereito a realizar un corte no percorrido para os participantes que non pasen nun tempo axeitado que impida garantir a finalización da proba con total seguridade.
8. A organización reservase o dereito a suspender a proba por motivos de forza maior.
9. A proba percorre zonas de gran valor natural, polo que é de obrigado cumprimento o respecto ao medio ambiente, estando prohibido deixar calquera tipo de refugallo, especialmente os envoltorios das barritas, xeles, etc.

O incumprimento das normas citadas conleva a descalificación automática da proba. Así mesmo será motivo de descalificación, modificar a sinalización do recorrido, suplantala identidade doutro participante ou saltarse os puntos de control de paso.

Art. 7 Exención de responsabilidad

1. O participante é responsable da súa condición física e sabedor do seu estado de forma e saúde. Ca firma da declaración xurada da aptitude física exime ao Clube Ciclista Terras do Eume de cualquera dano que puidera ocasionar ou ocasionarse coa súa participación, asumindo personalmente o risco inherente para a saúde que conleva o esforzo físico requerido para a realización da proba e renuncia a todos os dereitos e pretensións contra os organizadores e colaboradores.

2. Os participantes non teñen ningún tipo de prioridade e deberán respectar sempre as normas de circulación, comprometéndose a cumprir as normas da Ley de Seguridade Vial e do seu Regulamento, velando pola súa seguridade e a do resto dos participantes e usuarios da vía pública. Os participantes aceptarán polo tanto, os riscos inherentes á participación en dita proba aberta o tráfico, eximindo de cualquera responsabilidade tanto ao Clube Ciclista Terras do Eume, Federación Galega de Ciclismo e/ou cualquera persoa física ou xurídica das responsabilidades derivadas de cualquera accidente causado tanto por motivos de feitos de circulación coma por accidentes deportivos, sen prexuízo das que legalmente lle son propias.

3. Os participantes eximen aos anteriormente citados de calquera responsabilidade que da participación na proba puidera derivarse, tal como perda ou deterioro de obxectos persoais, por roubos, extravíos ou outras circunstancias e especialmente do deterioro que puidera causarse sobre os seus obxectos persoais.

Art. 8 Dereito de modificación e aceptación

1. A Organización reservase o dereito de modificar o presente regulamento, así como alteralo, rectificalo ou amplialo cando as causas así o xustifiquen.

2. A inscrición na proba conleva o feito de aceptar na súa totalidade este regulamento.

3. Coa aceptación do presente regulamento, o participante autoriza a Organización da “IX Ruta BTT Terras Do Eume” a grabación total ou parcial da súa participación na mesma, dando seu consentimento para que a súa imaxe poida ser utilizada con motivo da promoción e difusión da proba, (prensa, dvd, Internet, carteis, etc.). Así mesmo cede todos os dereitos relativos a explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

Protección de datos

O “Clube Ciclista Terras do Eume” garante o cumprimento íntegro da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, polo tanto, de acordo coa Ley Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, todo participante, ao formalizar a súa inscrición, presta o seu consentimento a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados do clube e a súa utilización en relación con as xestións administrativas e comerciais do mesmo, tales como o envío de información referente a produtos, xestións ou servizos que puidera comercializar. O titular dos datos tendrá dereito de acceso, rectificación cancelación e oposición nos términos previstos na citada ley mediante escrito ao Clube Ciclista Terras do Eume, responsable do ficheiro.

As Pontes, 1 de Agosto de 2025

ANEXO 1.

DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE E ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADE

Eu, D. /D^a. _____
co DNI número _____ pola presente declaro:

1. Coñecer e aceptar íntegramente o regulamento da proba que se celebrará o día 7 de Setembro de 2025 e que se atopa disponible na páxina web da organización .
2. Estar preparado tanto física como psíquicamente para a realización da marcha, e non padecer lesión algunha que poida agravarse como consecuencia da realización da proba, así mesmo, non consumirei nin antes nin despois da proba ningún tipo de substancias prohibidas consideradas coma doping que poidan poñer en risco a miña saúde, abogando por un deporte san e saudable. Eximindo a Organización de calquera responsabilidade derivada de todo o anterior.
3. Que autorizo ós Servizos Médicos da proba a que me practiquen calquera cura ou proba diagnóstica que puidera necesitar estando ou non en condicións de solicitala; ante as súas peticións comprométome a abandonar a proba si eles así o estiman necesario para a miña saúde. Si perante a proba, padeciera calquera lesión ou outra circunstancia que puidese poñer en perigo miña saúde, poreino en coñecemento da Organización o antes posible.
4. Que coñezo a dureza da proba e asumo que este tipo de probas conleva un risco adicional para o participante, polo que participo por propia vontade e iniciativa, asumindo os riscos e consecuencias derivadas da miña participación sabendo que o itinerario está aberto permanentemente ao tráfico peonil e rodado, polo que atenderei permanentemente a tódalas indicacións que os responsables da Organización me fagan, co fin de evitar calquera dano na propiedade allea e na miña persoa ou fronte a terceiros, levando permanentemente o casco.
5. Que participo voluntariamente e baixo a miña responsabilidade na proba. Polo que eximo, tanto a Organización, colaboradores e patrocinadores, como a calquera outro participante por calquera dano físico ou material que puidiera sufrir e, polo tanto, renuncio a poñer calquera tipo de demanda ou denuncia contra os mesmos.
6. Que asumirei a miña plena responsabilidade no caso de utilizar atallos ou vías alternativas as sinalizadas oficialmente pola Organización.
7. Que o dorsal é persoal e intransferible e que non podrá levalo outra persoa nin participante no meu lugar, e devolverei ao término da proba.
8. Que me comprometo a respectar o percorrido polo que discurre a marcha, a non danar o entorno e a non tirar refugалlos en ningún punto do mesmo, asumindo a miña descalificación en caso contrario.

As Pontes 7 de Setembro de 2025

Fdo. O PARTICIPANTE.
Nome e apelidos:

Fdo. O TITOR (No caso de menores)
Nome e apelidos: